



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DA GUARDA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2016.

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vinte de abril do ano dous mil dezaseis, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Antonio Lomba Baz e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez .
- D. Miguel Ángel Español Otero.
- D^a. Elena Baz Rodríguez.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a. M^a de la Concepción Ortega Martínez.
- D. José Carlos Castro Martínez, que se incorpora cando se cita.
- D^a Elena Acevedo Rolán.
- D. Óscar Alonso Álvarez.
- D. Ángel Luis Baz Vicente.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.

Non asisten: don Roberto José Álvarez Carrero; dona M^a Mercedes Martínez Vázquez; dona M^a de Fátima Iglesias Ferreira.

Actúa como secretaria a da Corporación dona Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada o señor Alcalde da a benvida á secretaria municipal.
(Incorporárase o señor Castro Martínez 8:33 horas).

A continuación pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.

O señor Alcalde da lectura á xustificación da urxencia:

“Tendo coñecemento o día 13 de abril do presente ano da transferencia orzamentaria que deixa á VAC sen partida para o ano 2016, dado o interese prioritario e estratéxico desta infraestrutura, consideramos necesaria a postura unánime da Corporación Municipal diante da Xunta de Galicia para esixir de xeito urxente o restablecemento da partida destinada á devandita inversión para este ano, así como a elaboración dun plan de investimentos con data para o remate desta infraestrutura.”

O señor Alcalde explica que a urxencia se sinte, a infraestrutura é urxente, e reaccionar o máis rápido posible é o mellor, pois canto máis tempo pase menos forza poderán facer, considera que é importante mostrar xa a súa postura.

Intervén a señora Ortega Martínez e di que neste punto se van abster, pois o urxente é o VAC, todos saben que dende hai tempo non se fan obras na zona de Tui, durante ese tempo houbo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Plenos ordinarios para tratar este asunto, polo que se houberan aforrado cartos ós guardeses, e reitera que o importante é o VAC.

Non habendo neste punto intervencións por parte dos restantes concelleiros, o señor Alcalde da conta da existencia dun escrito presentado pola concelleira dona M^a de Fátima Iglesias Ferreira apoiando esta proposta, ó que despois dará lectura.

Sometida a votación a URXENCIA foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Baz Vicente, Lomba Alonso e Rodríguez Fariñas. (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Marínez, Castro Martínez, Acevedo Rolán e Alonso Álvarez (catro abstencións).

PUNTO SEGUNDO.- PROPOSTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE RECLAMACIÓN DO MANTEMENTO DA PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA A VAC TUI – A GUARDA

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

ASUNTO: Reclamación do mantemento da partida orzamentaria destinada á VAC Tui-A Guarda.

Unha das necesidades máis urxentes da Guarda e do Baixo Miño é rebaixar o tempo de viaxe ata conectar coa autoestrada A-52 en Tui a vez que facelo máis seguro.

A mellora da comunicación por estrada ata a Guarda é unha prioridade dende o punto de vista da igualdade de oportunidades e fundamental para o desenvolvemento económico da comarca. Temos dereito a mellorar o acceso aos servizos sanitarios, aos centros educativos, a universidade e aos principais centros de traballo. Temos dereito, en resumo, a reducir o tempo de viaxe ata Vigo, a nosa cidade de referencia no eido sanitario, educativo, cultural e laboral. É necesario tamén facilitar a chegada a turistas e visitantes e mellorar o transporte de mercadorías e bens de equipo, disto depende que se asente poboación na comarca e que sigamos crescendo.

No ano 2004 proxectouse unha infraestrutura que sería o “gran eixe vertebrador e de comunicación da comarca do Baixo Miño”. Dende aquela ten sufrido sucesivos atrasos e modificacións, tanto de trazado como no tipo de vía ata chegar a actualidade, na que so hai realizados 10,4 km como Vía de Alta Capacidade (VAC) dos 24,5 km totais.

Nos orzamentos de 2016 a Xunta de Galicia destinou unha partida de 3.641.526 € para o tramo 1 da VAC Tui-A Guarda de 4 km de lonxitude. Tramo que estaba previsto rematar no 2018.

Fai uns días recibimos a noticia relacionada coa VAC Tui-A Guarda de que o 12 de abril de 2016 o Ministerio de la Presidencia informa duns expedientes de substitución de proxectos na Comunidade Autónoma de Galicia, nos que a partida de 3.641.526 € dos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Fondos Europeos de Compensación Interterritorial que tiñan como destino a VAC son desviados para o Desdoblamento do Corredor do Morrazo por acordo entre a Dirección General de Fondos Comunitarios e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Por todo o exposto a Corporación Municipal do Concello da Guarda quere mostrar a súa oposición ao mencionado acordo e dirixirse as administracións da Xunta de Galicia e o Goberno de España para:

Reclamar da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e da Dirección General de Fondos Comunitarios a reversión do acordo e a anulación do expediente de substitución de proxectos de obra polo que se modifica o destino da partida de 3.641.526 € que pasa de adicarse a VAC Tui-A Guarda tramo I para adicala ao Desdoblamento do Corredor do Morrazo.

Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e á Dirección General de Fondos Comunitarios que se manteña para este ano 2016 o investimento previsto para a VAC Tui-A Guarda.

Esixir a Xunta de Galicia que faga un plan de investimentos con datas para o remate desta infraestrutura.”

O señor Alcalde di que pouco hai que engadir, se trata dunha postura consensuada. Da lectura ó escrito presentado pola señora Iglesias Ferreira:

”FATIMA IGLESIAS FERREIRA
CONCELLEIRA DO CONCELLO DE A GUARDA

ANTE A CELEBRACIÓN DO PLENO EXTRAORDINARIO URXENTE E DESPOIS DE COMUNICALO E ALCALDE DE A GUARDA SR. D., ANTONIO LOMBA,

COMUNICA:

POR MOTIVOS PROFESIONAIS TEÑO QUE AUSENTARME E NON ME É POSIBLE ASISTIR O PLENO EXTRAORDINARIO DO DÍA 20 DE ABRIL DE 2016, PERO QUERO POÑER DE MANIFESTO A MIÑA ADHESIÓN E APOIO A XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA E A PROPOSTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DA QUE SON MEMBRO, PARA RECLAMAR A XUNTA DE GALICIA O MANTEMENTO DA PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA A VAC TUI – A GUARDA, ASUMINDO O MESMO TEMPO, OS PUNTOS DO ACORDO PLENARIO O QUE FAI REFERENCIA O ACORDO REMITIDO XUNTO CA CONVOCATORIA PLENARIA

ROGA:

POR ESTE MOTIVO, O PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, TEÑA EN CONTA ESTE ESCRITO E DE CONSTANCIA DEL DURANTE A CELEBRACIÓN DO PLENARIO.

EN A GUARDA, A 19 DE ABRIL DE 2016-05-23
ASDO.: FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA
CONCELLEIRA”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén o señor Rodríguez Fariñas para dicir que cre que é urxente, pode darse un “campanazo” novo, hai un tramo intermedio entre Goián e o Hospital que hai que machacar constantemente, e pensa que non é momento de botar culpas, senón de sumar, polo que vai apoiar a proposta.

O señor Baz Vicente quere desculpar a ausencia da súa compañeira de grupo por motivos persoais, señora Martínez Vázquez. Di que está de acordo coa proposta, pero quere escoitar á voceira do PP, que presume de antepoñer ós intereses da Guarda, explicar o “ninguneo”, xa que se deron unha sarta de promesas incumpridas e perden a pouca vergonza que lles queda desviando os fondos para o outro vial. Engade que parece que o PP quere dividir territorios e busca enfrontamentos entre comarcas, e estando ás portas dunhas novas eleccións, hai un escaso interese no asunto e na Guarda por parte do señor Núñez Feijoo, e pouco poder político do PP da Guarda. Recorda que en novembro a deputada do BNG Carmen Adán presentou unha iniciativa para esixir ó goberno do PP unha solución ás obras do vial, e o acondicionamento das construción iniciadas que supoñen un perigo constante para a veciñanza e os viandantes. Diríxese á señora Ortega Martínez e di que así xustifícase menos aínda este desvío de fondos. Finalmente, propón engadir no punto terceiro da proposta que os prazos sexan razoables.

A señora Ortega Martínez recorda que ela é concelleira, non é conselleira nin presidenta da Xunta de Galicia. Di que ela está aquí para estes temas, ela insistiu en que o importante é o VAC, e sinala que se están pedindo tres millóns de euros cando se necesitan máis de cento vinte millóns. Está de acordó en esixir uns prazos razoables, e felicita a esa deputada mencionada polo BNG, pois é o que hai que facer, é o BNG quen o fixo. Continúa dicindo que como concelleira vai esixir sempre que se remate o vial, e fan falta cento vinte millóns para acabalo, insiste en que estará con este asunto, pero non se lle poden pedir explicacións do que fai o señor Núñez Feijoo. Aproveita para desculpar a ausencia do seu compañeiro de grupo, señor Álvarez Carrero, e pide que conste en acta a súa adhesión á proposta. Di que se entramos en guerras hai que entrar no pasado, e non vai entrar. O único que quere é aprobar a proposta, ela non é unha sucursal do señor Núñez Feijoo, é unha concelleira da Guarda.

Intervén o señor Español Otero que felicita por estar todos os grupos de acordo no importante. Queren unha boa comunicación, que é o que merece A Guarda, queren evitar as confrontacións, sobre todo polo tono, alguén dixo que era unha “proposta aséptica” e se enmendou, para deixar ó marxe as posturas políticas e quedarse no importante. Está de acordo en engadir a proposta do BNG, queren que A Guarda conte cunha infraestrutura digan que facilite a chegada, volve a felicitar á Corporación e espera lograr o que aquí se plantexa. Para rematar recorda que o grupo parlamentario socialista presentou unha enmeda para o tramo 2 e seguerán loitando.

Intervén o señor Lomba Alonso, que quere en primeiro lugar dar á benvinda á secretaria. Di que o BNG se congratula dos acordos, e non sabe por que non se quere entrar no proceso, pois a primeira que saíu na prensa falando do pasado foi a señora Ortega Martínez. Eles din as cousas nos Plenos, non están confrontando, están poñendo de manifesto unha realidade, o pouco peso do PP da Guarda na Xunta. Hai outros temas importantes para A Guarda e non se destinaron cartos ó noso Concello noutras áreas. Entende que o corredor do Morrazo é importante para O Morrazo, pero aquí falta planificación, é unha medida que desprezia a este territorio, e ninguén foi capaz de xustificar tecnicamente o desvío de case catro millóns de euros. Están descubrindo unha realidade, os cartos se lles van e non se invisten no que estaba previsto. Esa partida se elimina, non se vai executar, se pregunta para que serven os



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

orzamentos da Xunta. Para el o Partido Popular é un todo, e despois o PP da Guarda pedirá o voto para o señor Núñez Feijoo. Di que para eles non existe diferenciación, pero se pregunta con qué cara se pode pedir o voto para quen desprezou á Guarda, di que o PP guardés non se fai valer na Xunta.

A señora Ortega Martínez sinala que o BNG considera que este ano hai eleccións autonómicas e o PP guardés pedirá o voto para o señor Núñez Feijoo.

Continua a señora Ortega Martínez e di que ela pretende que isto sexa un acordo entre todos, mentres que outros están pensando nas eleccións autonómicas. Insiste en que quen ten que defendelo é a concelleira de infraestruturas e a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Non puideron pasar as contías a outras áreas porque deben investirse en infraestruturas, pero insiste en que non é ela quen ten que dar explicacións. Pide que non traten de facer confrontacións.

O señor Lomba Alonso di que a primeira en facer confrontacións foi ela nos medios de comunicación.

A señora Ortega Martínez di que quen ten que responder é a Xunta, ou Ministerio de Economía sobre como funcionan os orzamentos, e insiste en que o importante é rematar a VAC.

Intervén o señor Alcalde e sinala que entende a todos os concelleiros, a todos lle apetece dicir máis, pero pensa que este debe ser o día en que se poñan de acordo. Terá audiencia coa Conselleira e levará o acordo en nome de toda a Corporación, cree que o mínimo houbera sido que a conselleira viñera aquí, síntese máis avalado con este acordo para cando fale con ela. Di que isto é un tramo, pero estratéxico e fundamental para A Guarda, o desenvolvemento quedaría estancado se non se materializa esta infraestrutura.

O señor Baz Vicente remata dicindo que non buscaban enfrontamentos, só mostra a súa opinión aquí no Pleno.

A proposta, coa enmenda sinalada polo BNG, quedaría redactada como segue:

“PROPOSTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

ASUNTO: Reclamación do mantemento da partida orzamentaria destinada á VAC Tui-A Guarda.

Unha das necesidades máis urxentes da Guarda e do Baixo Miño é rebaixar o tempo de viaxe ata conectar coa autoestrada A-52 en Tui a vez que facelo máis seguro.

A mellora da comunicación por estrada ata a Guarda é unha prioridade dende o punto de vista da igualdade de oportunidades e fundamental para o desenvolvemento económico da comarca. Temos dereito a mellorar o acceso aos servizos sanitarios, aos centros educativos, a universidade e aos principais centros de traballo. Temos dereito, en resumo, a reducir o tempo de viaxe ata Vigo, a nosa cidade de referencia no eido sanitario, educativo, cultural e laboral. É necesario tamén facilitar a chegada a turistas e visitantes e mellorar o transporte de mercadorías e bens de equipo, disto depende que se asente poboación na comarca e que sigamos crescendo.

No ano 2004 proxectouse unha infraestrutura que sería o “gran eixe vertebrador e de comunicación da comarca do Baixo Miño”. Dende aquela ten sufrido sucesivos atrasos e modificacións, tanto de trazado como no tipo de vía ata chegar a actualidade, na que so hai realizados 10,4 km como Vía de Alta Capacidade (VAC) dos 24,5 km totais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Nos orzamentos de 2016 a Xunta de Galicia destinou unha partida de 3.641.526 € para o tramo I da VAC Tui-A Guarda de 4 km de lonxitude. Tramo que estaba previsto rematar no 2018.

Fai uns días recibimos a noticia relacionada coa VAC Tui-A Guarda de que o 12 de abril de 2016 o Ministerio de la Presidencia informa duns expedientes de substitución de proxectos na Comunidade Autónoma de Galicia, nos que a partida de 3.641.526 € dos Fondos Europeos de Compensación Interterritorial que tiñan como destino a VAC son desviados para o Desdoblamento do Corredor do Morrazo por acordo entre a Dirección General de Fondos Comunitarios e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Por todo o exposto a Corporación Municipal do Concello da Guarda quere mostrar a súa oposición ao mencionado acordo e dirixirse as administracións da Xunta de Galicia e o Goberno de España para:

Reclamar da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e da Dirección General de Fondos Comunitarios a reversión do acordo e a anulación do expediente de substitución de proxectos de obra polo que se modifica o destino da partida de 3.641.526 € que pasa de adicarse a VAC Tui-A Guarda tramo I para adicala ao Desdoblamento do Corredor do Morrazo.

Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e á Dirección General de Fondos Comunitarios que se manteña para este ano 2016 o investimento previsto para a VAC Tui-A Guarda.

Esixir a Xunta de Galicia que faga un plan de investimentos con prazos razoables para o remate desta infraestrutura.”

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso e Rodríguez Fariñas (catorce votos a favor).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

Antonio Lomba Baz

Julia María Carrasco González-Alegre